



Número de expediente:2015/CREACIONCOMINFORM/000001

EXPDTE	CORPORACIÓN 2015-2019 -Comisións do Pleno-
TRÁMITE	Decreto de nomeamento de D. Gerardo Pérez Puga en substitución do ex concelleiro D. Rafael Domínguez Artime

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de data 18.06.2015, determinou a denominación, composición e funcións das comisións do Pleno, de conformidade co previsto nos artigos 122.4 da Lei 7/1985 e 131 do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións.

Por Decreto da Alcaldía 20.07.2018 nomeouse a don Rafael Domínguea Artime, como vogal titular das comisións do pleno que se relacionan:

- Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente.
- Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos.
- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

O día 14.09.2018, o grupo municipal do Partido Popular solicita a substitución de don Rafael Domínguez Artime, como vogal titular das devanditas comisións do pleno, polo concelleiro do seu grupo municipal don Gerardo Pérez Puga.

Tendo en conta o anterior, en uso da atribución precisada polos artigos 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións, DECRETO:

Primeiro.- Nomear a don Gerardo Pérez Puga, concelleiro do grupo municipal do PP, como vogal titular das seguintes comisión do pleno, en substitución do concelleiro do mesmo grupo don Rafael Domínguez Artime:

- Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente.
- Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos.
- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Segundo.- Designar a don Gerardo Pérez Puga como suplente en todos os órganos colexiados das comisións, consellos e organismo autónomos, nos que teña representación o grupo municipal do Partido Popular, de tal xeito que poida substituír a outro concelleiro do seu grupo.

Terceiro.- Dar traslado do presente decreto ao concelleiro designado e ás secretarías delegadas das respectivas comisións do pleno e remitir o Pleno do Concello para a súa toma de coñecemento.

Pontevedra, a data da sinatura

O Alcalde

O Secretario,

